



VILAR (SAN PEDRO)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

No Antigo Réxime, **San Pedro de Vilar** formaba parte da extensa xurisdición de Vimianzo, baixo o dominio do conde de Altamira. O dereito de presentación do curato era da familia nobre dos *Lamas*, que entroncaron cos *Caamaño* de Romelle (que foron os que gozaron despois deste privilexio feudal).



Mapas da parroquia de Santiago de Loroño. Fonte: A) <http://www.ign.es/iberpix2/visor/> B) PXOM de Zas

A súa extensión anda polos 6,7 km²; conta cos lugares seguintes: Artón, Pazos, Quintáns, Saconde, Sandrexo e Vilar. A aldea de Pazos compártese con Tines e a de Sandrexo con Treos. A súa forma seméllase a un rectángulo irregular cun vértice máis saínte, que coincidiría coa aldea de Sandrexo, e outro coa de Pazos.

Linda polo N coa parroquia de Bamiro (Vimianzo); polo S, coas de Loroño (Zas) e Treos (Vimianzo); polo E, Zas e Lamas e, polo O, con Tines (Vimianzo)

Relevo

É unha parroquia eminentemente chá con escasos desniveis. O cumio máis alto da parroquia atópase na paraxe da Pena (272 m) ó S da aldea de Artón e na confluencia coa parroquia de Loroño, e a altitude menor estaría no leito do río a rentes da aldea de Quintáns (uns 180 m). Outra proba da súa tendencia ós terreos chairos está en que entre a aldea de Quintáns, no linde N da parroquia, e a de Vilar, no extremo S o río de Vilar só ten 3 metros de desnivel nos 3 km e medio que ten de percorrido dentro do territorio parroquial.

As aldeas de Saconde, Quintáns e, especialmente, Pazos e Sandrexo (as dúas sobre os 211 m) sitúanse en

pequenos outeiros que apenas sobresaen uns metros sobre as terras circundantes.

Á esquerda da pequena elevación da Pena, pola parte SO da citada aldea de Artón e seguindo unha dirección S – N hai unha insignificante aliñación montañosa que a separa da parroquia de Lamas e que só se ergue uns 60 metros máis que as terras máis baixas da parroquia (180 m, que quedan na súa parte occidental e se corresponden cos vales dos ríos Xora e Torrente). Pequenas ‘chatolas’, apenas perceptibles, poden apreciarse nesta aliñación do borde oriental: O Cadro (247 m), O Picoto (248 m), Monte de Penedo (252 m.) Pedras Grandes ou As Minas (254 m.)

Como é lóxico na parte occidental do val formado por estes ríos volve subir un pouco máis a altitude pero en cantidades case imperceptibles.



Hidrografía

Un río, o de Vilar –afluente pola esquerda do río Grande (ou, máis propiamente, río do Porto, o gran colector das augas da Terra de Soneira)- atravesa a parroquia de S a N. É o resultado da confluencia doutros dous ríos de non moita entidade: o de Xora -que ten a súa orixe preto da aldea de Novelle (parroquia de Serramo)-, e o Torrente, formado, á súa vez, polos regachos procedentes de Vilar de Lamas (San Martiño de Meanos) e polo Rego da Fonte do Lobo (Santa Sía) despois de se xuntaren os dous moi preto da aldea de Treviño.

Como corresponde ó relevo polo que discorre, este río de Vilar non presenta desniveis perceptibles, o que fai que no seu maino tránsito pola parroquia describa numerosas curvas ou meandros. Na súa marxe esquerda sitúanse os lugares de Sandrexo, Vilar, Saconde e Quintáns, con cadansúa ponte para salvar o seu curso.

É moi posible que pasase por esta parroquia unha vía secundaria romana procedente de Brandomil en dirección á veciña freguesía de Tines, onde houbo un importante asentamento da época romana no adro da súa igrexa de Santa Baia: unha *villa* ‘granxa’ e unha necrópole ‘cemiterio’. A ponte vella do propio lugar de Vilar formaría parte dela; hai anos aínda quedaban restos de calzada). Esta rústica pontella figura no mapa de Galicia de 1834 de Domingo Fontán, coma un sitio de paso importante no camiño real de Santiago á zona central da Costa da Morte, trazado que coincidía co camiño medieval de Compostela ós portos do noroeste. Vilar quedou arredado das vías de comunicación cando se abriu a nova estrada comarcal AC-545 de Santiago a finais do séc. XIX, pois a partir de Zas arredouse do trazado dos vellos camiños para dirixirse a Baio por Lamas. Existen outras pontellas rurais nos lugares de Quintáns e Saconde, sobre todo esta última, construída en pedra e atinadamente restaurada en 1992.



O río en Vilar desde a antiga ponte, no remate da primavera [Foto XMLS]



O río de Vilar na ponte de pedra de Saconde (restaurada en 1992) [foto XMLS]

Xeoloxía

A estrutura xeolóxica de Vilar segue as pautas das parroquias estudadas ultimamente, xa que son varias as bandas orientadas de N a S que discorren polo seu termo, conforme a dirección do pregamento herciniano.

Seguindo un trazado de E a O o primeiro que nos atopamos rodeando a aldea de Artón -que ocuparía o seu centro- é un afloramento de forma alongada de ortogneis con biotita e cuarzos azulados dentro de gneises félsicos. Presenta un minúsculo lentellón de anfibolitas

(símbolo ξA) un pouco máis ó N da aldea. **(1)**

A seguinte banda, que cruzaría toda a parroquia de N a S estaría formada por xistos e paragneises con algunhas anfibolitas intercaladas e porfiroblastos de plaxioclasas

(2)

Vén, logo, unha banda bastante máis ancha e grande que as anteriores, que chega a ocupar case a metade da parroquia formada por ortogneis biotítico. Esta banda corresponderíase coas maiores alturas. **(3)**

Polo oeste volven a aparecer, de novo, o xistos e paragneises con algunhas anfibolitas intercaladas e porfiroblastos de plaxioclasas, que xa dera polo leste da banda anterior. **(2)**


Dous minúsculos afloramentos de anfibolitas incrustaríanse nesta banda ó NE e SE da aldea de Vilar.

http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_68.jpg

A parte oriental da parroquia formaría parte doutra banda de granodiorita precoz con megacristales, que se estendería tamén pola parte oriental das parroquias de Treos, Tines e Bamiro (Vimianzo). **(4)**

Dado que sobre este material xeolóxico é por onde discorren os ríos que conforman o de Vilar e o principal, o río Grande (ou río do Porto), enriba dela depositáronse materiais aluviais sedimentarios do Cuaternario. **(5)**

Todo este conxunto formaría parte do Complexo xeolóxico de Noia ou Fosa Blastomilonítica, como se lle chamou nalgunha ocasión, agás os materiais sedimentarios crese que pode ser do período Cámbrico e cunha antigüidade de máis de 400 millóns de anos.



Demografía

A evolución demográfica da parroquia foi como segue: 16 veciños (1607), 54 vc. e 228 hab. (1753), 50 vc. (1769), 46 vc. e 229 hab. (1836), 46 vc. e 249 hab. (1845), 373 hab. (1928), 76 vc. e 407 hab. (1965),


Ó longo do século XX a evolución demográfica da parroquia en conxunto e de cada unha das súas aldeas foi a que segue. Tamén poden verse as porcentaxes de cada unha das décadas en relación ó ano 1900 (primeira táboa de datos) e a evolución no que vai do séc. XXI, así como as porcentaxes en relación ó ano 1900. (segunda táboa):

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Artón	74	72	68	71	66	65	61	57	56	55	53	51	48	55	55	54
Pazos	54	55	51	48	50	48	46	41	36	36	37	39	38	38	37	43
Quintáns	46	46	42	43	39	37	35	35	37	37	36	35	33	33	32	32
Saconde	31	32	32	32	29	28	27	28	27	27	25	25	25	24	24	22
Sandrexo	22	22	22	22	22	19	18	17	16	15	15	13	12	11	14	16
Vilar	77	76	78	77	77	75	75	72	73	71	69	65	60	58	56	51
VILAR	304	303	293	293	283	272	262	250	245	241	235	228	216	219	218	217
Porcentaxes %	100	99.7	96.4	96.4	93.1	89.5	86.2	82.2	80.6	79.3	77.3	75	71	72	71.71	71,38
Porcentaxe sobre 1900	77,9	77,7	75,13	75,1	72,6	69,7	67,18	64,1	63,01	61,8	60,3	58,5	55,4	56,2	55,9	55,6

Entidades / Anos	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Artón	48	61	66	65	71	80	94	104	91	84	77	77
Pazos	65	63	42	43	64	79	93	123	83	61	56	56
Quintáns	90	82	72	66	75	69	73	78	56	57	50	49
Saconde	54	45	47	40	46	53	50	59	35	35	35	32
Sandrexo		29	28	26	20	30	29	26	38	23	22	22
Vilar	87	93	117	104	119	143	142	146	88	92	88	77
Outros	34											
VILAR	390	373	392	344	464	454	481	536	391	352	328	313
Porcentaxes %	100	95,65	100,5	88,21	118,98	116,41	123,33	137,44	100,26	90,26	84,10	80,25

Á vistas dos datos anteriores pode apreciarse unha certa estabilidade e mesmo incremento demográfico ata a década dos anos 70, que é cando acada o máximo volume, a partir deses anos iníciase unha lenta pero constante perda de poboación que leva a que nos 16 anos que levamos do século XXI se perdesen un 28,62% da súa poboación (case un terzo), ou que na actualidade supón pouco máis da metade da que tiña en 1900.

As causas habería que velas no envellecemento da poboación cunha natalidade moi baixa (sobre un 4,20 por mil para o total municipal e un 16,46 por mil de mortalidade) ó que hai que sumar o éxodo rural da xente máis nova, polo que no mundo rural só adoitan quedar as persoas maiores.



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

A orixe dos nomes de lugar de Vilar¹

Vilar deriva do latín VILLARIS e fai referencia a unhas instalacións 'anexas ou pertencentes a unha *vila*' (< do lat. VILLA 'vila ou granxa' da época romana, propiedade agraria habitada pertencente a un señor notable', algo así coma un chalé ou casa de campo refinada actual, coas súas explotacións agrícolas e gandeiras arredor).

Na época romana os 'vilares' eran simples anexos das 'vilas', e neste caso concreto cabe pensar que o que nos ocupa puido nacer como anexo da 'vila' romana que houbo no adro da igrexa da veciña parroquia de Santa Baia de Tines (da que se atoparon restos arqueolóxicos en 1952, xunto cunha necrópole); como proba desta posible primitiva dependencia aínda queda a denominación de 'Vilar de Tines' en boca de moitas persoas da zona, que tamén serve para diferenciarlo doutros topónimos do mesmo nome neste concello, en especial os máis próximos: Vilar de Lamas (San Martiño de Meanos) e O Vilar (Muíño).

O topónimo Vilar e O Vilar é dos máis abundantes en Galicia. Tamén pasou a apelido de moitos galegos e galegas, que na actualidade levan, como primeiro o segundo, coa forma propiamente galega de *Vilar*, arredor de 4.785 persoas (delas tan só 7 son do concello de Zas, pero no veciño de Santa Comba hai 187). Triunfou máis na súa forma castelanizada, *Villar*, pois rexistra 15.622 ocorrencias (última consulta 26-5-2017); así e todo tampouco abunda en Zas con esta forma, pois só o levan 34 persoas.

Pasando ó resto dos lugares, cómpre dicir que esta parroquia conta con tres que son únicos en toda Galicia: Artón, Saconde e Sandrexo (este último compartido con Treos-Vimianzo).

Artón, na opinión de F. Cabeza, pode vir dunha antiga *(VILLA) ARTONII ou ARTONIUS 'granxa ou vila dun home chamado Artinius'. Hai tamén quen fala dun antiquísimo étimo indoeuropeo, **ar* ou **art*, que significaría 'concaidade', 'val de fondo plano'. Artón non existe como apelido en Galicia.

Pazos. A palabra galega *pazo* procede da voz do baixo latín PALATIUM 'residencia dun rei ou dun alto dignatario do poder civil ou eclesiástico'. Para o caso que nos ocupa, aquí habería unha casa suntuosa e rica, na que residía algún fidalgo. Hoxe en día non se conserva ningunha casa afidalgada nesta aldea, pero si que a houbo hai varios centos de anos, pois este é o posible lugar de orixe da familia fidalga dos Pazos, que xa no séc. XVI se van espallando por diversas parroquias da antiga xurisdición de Vimianzo: Bamiro, Salto, Serramo, Cambeda, Laxe, Vimianzo, Vilastose etc.

Pazos é un topónimo moi repetido en Galicia, en especial nas provincias da Coruña e Pontevedra e na parte occidental das de Lugo e Ourense (na parte oriental destas últimas prevalece a forma Pacios).

Como apelido, Pazos ocupa o lugar nº 40 dos apelidos de Galicia con 14.670 ocorrencias (última consulta 26-5-2017); tan só 73 do concello de Zas (do veciño de Vimianzo, 219, e, do de Santa Comba, 439).

Quintáns (xa explicado en Brandomil: véxase).


¹ O noso agradecemento a Fernando Cabeza Quiles pola súa valiosa axuda neste apartado.

A orixe do nome de **Saconde** é bastante problemático para os lingüistas: os alemáns J. Piel e D. Kremer opinan que pode proceder de *(VILLA) SALAGUNDI ‘granxa ou vila dun home chamado Salagundus (?)’, antropónimo non documentado.

Cabeza Quiles opina que **Sandrexo** pode proceder de SANDAREUS, antropónimo de orixe xermánica documentado no ano 985; co sufixo *-exo* engadido significaría ‘relativo ou pertencente a Sandareus ou á súa familia’. Ó igual que Artón e Saconde, Sandrexo é o único lugar de Galicia con este nome.



Igrexa parroquial de San Pedro de Vilar, exterior [Foto XMLS]



A igrexa parroquial de San Pedro de Vilar

Está situada na zona sur do lugar de Vilar, confundida entre as casas. Presenta **planta de salón**, formada por unha capela maior (3,75 m x 4,10 m) e unha nave rectangular (10,80 x 4,90). Acaroadada ó muro leste da capela maior ergueuse unha sancristía (3 x 4 m).

No **interior do presbiterio e da sancristía** é onde se atopan os aspectos arquitectónicos máis interesantes, pois tanto unha parte coma outra van cubertas por cadansúa bóveda de canón volteadas sobre pilastras ou ménsulas (con formas de placa de orixe barroca na zona correspondente ós capiteis); desde o interior da nave pódese contemplar a maxestosidade do arco triunfal de entrada á capela maior.

A **nave** xa sufrira profundas reformas ó longo do séc. XVIII, pois na visita pastoral de 1729 mándase ampliar o templo. As obras comezaron de inmediato, pois nos anos seguintes estaban a traballar na igrexa mestres canteiros da comarca: *Alonso de Arosa* (que era de Treos), *Pedro de Fontán* e *Paio do Rego*. No ano 1903 caléanse as paredes interiores e fanse as escaleiras da tribuna. En 1980 o carpinteiro de Salto, *Manuel Bras*, levanta a tribuna e teita a nave cun ceo raso de madeira.

A **espadana** que coroa a fachada foi obra do mestre canteiro *Manuel Novas* en 1848; este canteiro tamén fixo novas cornixas e os dous pináculos de adorno. O 10 de abril de 1998 un raio dunha violenta tormenta destrozou a cruz de ferro que coroaba a espadana, así como a bóla de pedra que a sostíña e parte do cornixamento.



Interior da igrexa de Vilar, co altar maior e dous laterais [Foto XMLS]

Trinta anos coa igrexa medio arruinada (1786-1817)

Vendo hoxe a sinxeleza arquitectónica da capela maior e da sancristía, seguramente non supoñiamos que ós fregueses de Vilar lles custou ferro e fariña convencer ó nobre patrono da igrexa para que as reconstruíse. Os patronos eran os fidalgos de Romelle (Loroño), que mesmo chegaron a enlazar coa alta nobreza española, pero cos veciños vilareses foron máis ben ruíns. Estes patronos tiñan o dereito de presentación, privilexio que lles permitía presentar un sacerdote da súa familia como párroco, pero, en contrapartida, tiñan a obriga de manter en bo estado a capela maior.

Polos documentos do arquivo parroquial sabemos que a mediados do séc. XVIII o presbiterio presentaba unha simple cubrición de madeira que se foi estragando co paso dos anos, de tal xeito que, en 1786, era imposible celebrar misa no altar maior por estar esta parte arruinada case por completo.

Ante a negativa do patrono da igrexa (o fidalgo da casa de Romelle de Loroño, *D. Joaquín de Lamas Sotomayor*) a poner os medios para reedificar esta parte do edificio, os veciños iniciaron contra el un preito para obrígallo. Un preito que ía resultar extraordinariamente longo, pois tanto este patrono coma o seu sucesor no padroado do templo (*D. Juan José Caamaño y Pardo*, conde de Maceda e Grande de España) van facer oídos xordos ás enérxicas demandas dos fregueses e do párroco de Vilar. A situación ruínosa da ábsida debía ser extrema en 1791, pois nese ano tívose que trasladar o sagrario a un colateral da nave para poder celebrar alí a misa. Por fin, en 1817, o conde de Maceda parece que se viu obrigado a acceder ás reclamacións veciñais, e manda que un canteiro de Follente, *Ignacio García*, empece as obras de reconstrución do presbiterio e da sancristía. En suma, que polo menos máis de trinta anos pasaron os fregueses coa igrexa medio arruinada pola mesquindade desta familia de privilexiados. O párroco de 1852, Domingo Rafael Blanco, deixa por escrito unha declaración moi clara no tocante ós escasos favores que as parroquias que el rexentaba –Vilar e Zas- lles debían a estes ricos patronos da flor e a nata da nobreza española: practicamente nada (LEMA SUÁREZ; 1993-III: doc. 540).

No nicho sobre a porta da fachada hai unha imaxe de pedra que representa a **san Pedro**, o patrón, vestido de pontifical (con sotana, roquete e capa pluvial ou palio sobre os ombreiros), coa tiara papal sobre a cabeza; na man esquerda sostén un bordón con tres cruces e ergue a dereita para bendicir. Polo documentación parroquial sabemos que foi obra de *Domingos Martines*, no ano 1731 (da época barroca, polo tanto), canteiro e escultor do lugar de Pazos, do que consta por outros documentos que era veciño das casas pertencentes á parroquia de Tines. Non se complicou a vida nesta obra e limitouse a facer unha escultura con trazos moi esquemáticos.

O tal Domingos debeu ser canteiro de moita sona na comarca por volta do primeiro terzo do séc. XVIII, pois son da súa autoría as dúas fachadas-retablo pétreas máis



Imaxe pétrea de san Pedro da fachada da igrexa, de 1731, obra de Domingos Martines [Foto XMLS]

importantes do arciprestado de Soneira: a da igrexa de Traba (1716) e a do santuario do Briño, en Borneiro (1721); tamén pensamos que foi o escultor do cruceiro do cemiterio de Tines, coa pouco frecuente escena do descendemento da cruz.

A escultura pintouna en 1849 *José Antonio del Anillo*, de Santiago; hoxe non se observan restos de pintura.

Retablos e imaxes da igrexa parroquial de Vilar

No interior do templo temos tres retablos – o maior e dous laterais- moi sinxelos, os tres obras dun escultor local, *Francisco Castro Agudín*.

O **RETABLO MAIOR** é sinxelo: aséntase sobre unha mesa de altar de pedra, de lados combados (obra de *Ignacio García*, canteiro de Follente) e consta, en sentido vertical, de banco, un único corpo e o ático. En sentido horizontal, no único corpo presentaba -polo menos en 1990-, cinco paneis -que quedaron reducidos a tres coa última reforma á que foi sometida- articulados en tres planos e delimitados por columnas de orde composta, cos seus fustes envolveitos por restras vexetais. A supremacía do panel central maniféstase por rematar cun entaboamento en arco de medio punto. No ático hai un trono de nubes e querubíns en torno á pomba do Espírito Santo e, nos extremos, dous anxos orantes.



Retablo maior de Vilar, obra de F. Castro Agudín,
escultor de Sandrexo [Foto XMLS]



San Pedro, do retablo maior
[Foto XMLS]


Presídeo unha imaxe do patrón, **san Pedro**, vestido de pontifical, coa tiara papal na cabeza e cun bordón con tres cruces na man esquerda; é posible que se trate dunha imaxe que fora mercada en 1708 por 210 réas, polo tanto, sería de estilo barroco. Como detalle anecdótico, a chave que alguén lle colocou nos últimos anos no dedo polegar da man dereita, que máis ben estaba disposta para bendicir.

No panel da esquerda colocouse a imaxe de **san Roque** (en 1990 estaba neste lugar a de san Xosé), seguramente esculpida a finais do séc. XVIII e tamén de estilo barroco; no panel da dereita hai un **santo Antonio**, mercado por cen réas en 1839; de estilo ecléctico (é dicir: que imita outros estilos anteriores).

O retablo responde ás pautas do estilo neoclásico (escaso movemento da planta, nudez decorativa, columnas que imitan o mármore...) e foi realizado entre 1809 e 1819 por *Francisco Castro Agudín*, que seguramente tomou o modelo do retablo maior de Santo Adrián de Castro.

Cónstanos documentalmente que contra 1819 aínda se lle estaban liquidando as débedas a Castro Agudín polos retablos maior e o lateral do lado norte da nave; foran axustados en 3.647 réas que a fábrica parroquial lle foi pagando ós poucos.

Este retablo e o lateral norte recibirían a primeira man de pintura en 1830, ano en que se lles pagan 2.700 réas ós pintores de Santiago *Antonio de Moyano* e *José Silva* (LEMA SUÁREZ; 1993-II: 452).



Retablo lateral da Virxe do Rosario, de
Francisco Castro Agudín, entre 1808 e 1819
[Foto XMLS]

No primeiro tramo da parte norte da nave sitúase o **RETABLO DA VIRXE DO ROSARIO** (antes de **SAN ROQUE**) asentado sobre unha mesa de pedra de lados combados e que consta, en sentido vertical, dun único corpo e un ático. En sentido horizontal, no corpo hai tan só un panel rematado en arco de medio punto entre dous pares de columnas de orde composta, cos seus fustes imitando mármore. As columnas soportan un entaboamente liso formado por arquitrabe, friso e cornixa.

Responde claramente ás características do estilo neoclásico: total nudez decorativa, predominio da horizontalidade sobre a verticalidade, columnas imitando mármore...

Como dixemos anteriormente, o seu autor foi Francisco Castro Agudín, entre 1809 e 1919. En 1830 pintárono e dourárono os citados pintores Moyano e Silva, de Santiago.

Na actualidade ocupa o seu único fornello unha imaxe da **Virxe do Rosario** (obra seguramente barroca, de finais do séc. XVIII), pero sabemos que ata polo menos o ano 1915 quen ocupaba este lugar era o **san Roque** que hoxe se atopa no retablo

maior.

No primeiro tramo do lado sur da nave atópase o **RETABLO DA VIRXE DA SOIDADE**, tamén asentado sobre unha mesa de pedra de lados combados; en sentido vertical consta de banco –ocupado por unha urna coa figura de Cristo no sepulcro- e un único corpo coroado por unha xigantesca placa barroco a xeito de ático. En sentido horizontal divídese en tres paneis separados por columnas de orde composta; a central contén un fornello rematado en arco de medio punto, que presta acubillo á **Virxe da Soidade**, imaxe seguramente realizada na primeira metade do séc. XX.

A capelanía da Virxe da Soidade fora fundada no ano 1742 por Francisco de Villar e Manuela dos Santos, veciños desta mesma parroquia (LEMA SUÁREZ; 1993-II: 456 e III-548).

Trátase da primeira obra que fixo o escultor e retablista *Castro Agudín* para esta igrexa, pois entre 1796 e 1797 páganselle unhas cantidades polo traballo. Ó ano seguinte (1798) o pintor compostelán *José Joaquín Sueiro* deulle a primeira man de pintura, pola que cobrou 820 réas.

Trátase dun retablo de estilo barroco-rococó, pola planta movida e a tendencia á inestabilidade (con esa voluminosa placa coroando o conxunto) e, sobre todo, polas volutas encadradoras e a decoración de rocalla na placa do ático.



Retablo da Virxe da Soidade (Vilar),
de F. Castro Agudín (1797) [Foto XMLS]


O cruceiro de Pazos (Vilar / Tines)²

Situado no medio do lugar de Pazos, que presenta a particularidade de que as casas da zona oeste pertencen á parroquia de Tines e ó concello de Vimianzo e as do leste á de Vilar e ó concello de Zas. O cruceiro serve para marcar o límite entre as dúas parroquias e os dous concellos e quizais xa se ergueu con este propósito.

Érguese sobre unha plataforma cuadrangular de tres chanzos (nun dos que dá ó lado sur pódese ler a data de 1802 inscrita) e un pedestal non moi alto.

Chama a atención por dúas cousas: pola esaxerada altura do seu varal e pola súa notoria inclinación cara ó leste. Remata este varal nun capitel de formas vexetais moi esquemáticas, sobre o que vai unha cruz de remates florenzados.

No lado oeste da cruz, un Cristo crucificado con tres cravos esculpido con trazos moi esenciais, sen un claro propósito de facer un estudo anatómico. No lado leste unha Inmaculada, tamén de liñas moi esquemáticas e esenciais.



Cruceiro do lugar de Pazos (Vilar / Tines)
[Foto Roberto Mouzo Lavandeira]



Figuras do cruceiro de Pazos: Cristo (anverso) e a Inmaculada (reverso) [foto R. Mouzo Lavandeira]

O cruceiro do río, de Vilar (1838)

Nos libros parroquiais tamén aparece en 1838 o gasto de 22 reás e 12 marabedís «importe de dos ferrados de trigo que estregó en especie, y se dio en pan a los vecinos qe. con carro y bueies fueron a buscar al Monte de Piedramiñón [Bamiro] la cantería necesaria para formar el Crucero del lugar de Villar». Seguramente é o cruceiro do río, pois ese mesmo ano hai un pagamento ó canteiro Andrés Martínez “pr. poner una mesa de cantería en el crucero del río”.

² Non se confunda este cruceiro co dos Santos, situado nunha encrucillada entre Pazos e Cheis (Bamiro), ó que tamén se lle ten chamado, impropriamente, “cruceiro de Pazos”.

Francisco Castro Agudín, escultor de Sandrexo

No pequeno lugar de Sandrexo, repartido entre as parroquias de Vilar e Treos, houbo no derradeiro terzo do séc. XVIII e no primeiro do XIX, un prolífico obradoiro de retablos e imaxes relixiosas. Rexentábao *Francisco Castro Agudín*, artista do que unicamente sabemos que tiña a súa casa e o seu obradoiro de carpintería na zona pertencente a Treos, e non na de Vilar, pois así nos consta nos documentos.

Castro Agudín foi o mestre do que temos documentados máis retablos de toda a historia artística do arciprestado de Soneira: un total de catorce. Este artista foi esencialmente retablista e, malia o secular illamento do seu lugar de Sandrexo (a uns 55 quilómetros de Santiago, a vila-foco irradiador de arte, a través das intransitables corredeiras da época), soubo evolucionar conforme ás modas artísticas do momento.

Iniciouse dentro das directrices do estilo rococó, pero foi aceptando as innovacións do neoclasicismo, demostrando que non se atopaba nada desfasado. Polo que sabemos, traballou desde 1776 a 1820. O seu campo de acción foi bastante reducido, pois non sobrepasa un radio máximo de dez quilómetros: as parroquias da redonda da súa aldea (ademais de Treos e Vilar: Tines, Bamiro, Salto, Zas, Mira e Gándara. Estes foron algúns dos seus retablos documentados, por orde cronolóxica: na igrexa de Tines, o da Virxe do Carne (1776); na de Vilar, o lateral sur (1779) e tamén o norte e o maior (contra 1809); na de Treos, os dous laterais (1781) e mais o maior (1786); así mesmo, os retablos maiores de Salto (1795), de Mira (1798) e de Gándara (1799, hoxe desaparecido). Todos eles feitos en madeira. En pedra realizou o da Virxe do Carne de Zas (1798) e sen dúbida tamén o da capela de san Xoán e de san Xorxe das torres de Romelle (Loroño).

No tocante á súa obra escultórica, soamente temos documentadas sete imaxes da autoría do mestre Agudín: a Virxe do Carne de Tines (1776), a Virxe de Guadalupe, santo Antonio e santo Eutelo de Treos (as tres de 1781), a Asunción e san Xosé de Salto (1789) e a Anunciación de Mira (1790). A meirande parte destas obras súas que nos son coñecidas aínda son dunha calidade bastante aceptable, e verdadeiramente está acordes cos gustos da época: combina os estilos barroco e neoclásico e nas tipoloxías que segue hai unha clara influencia do círculo compostelán Gambino-Ferreiro, feito que ven demostrar unha vez máis que este artesán rural non se mantiña illado na súa aldea, senón que viaxaba con certa asiduidade a Compostela para estar ó tanto das novidades. Seguramente outros "santiños" anónimos, espallados polas igrexas e ermidas da redonda, tamén saíron da súa gubia.

Non sabemos qué foi do taller de escultura deste escultor e retablista de Sandrexo, nin se quedou neste lugar algunha referencia oral del. Non podemos pensar que este personaxe estaba dedicado por completo a esta profesión artística: máis ben habería de ser un simple carpinteiro que alternaba o seu oficio coa agricultura, pois o cultivo da arte no rural non daba para comer. Que llo digan ó propio Agudín, a quen lle habería de custar ferro e fariña cobrar os 3.647 reás en que axustara cos veciños de Vilar os retablos maior e un dos laterais: tivo que se conformar con pagamentos espazados de ano en ano polo menos durante uns dez anos, de 1809 a 1819.

A familia fidalga dos *Pazos*

No lugar vilarés de Pazos tivo a súa orixe unha antiga familia fidalga que vai tomar o nome da aldea como patronímico, estendéndose polas Terras de Soneira e de Nemancos ó iren enlazando os seus descendentes con membros doutras familias fidalgas destas comarcas.

Contra o ano 1450, no lugar de *Paacios* (aparecía escrito así), parroquia de Vilar, vive o matrimonio Pedro Crespo e Tareixa Crespo de Pazos, fidalgos; tiveron un fillo chamado don Xil de Pazos Crespo, que en 1480 aínda vivía na aldea paterna.

O fillo deste, don Pedro Crespo de Pazos casa con dona Leonor Buela e pasan a vivir a Laxe (contra 1510). Nesta vila mariñeira nace don Cristovo de Pazos, e tamén o seu fillo Juan de Pazos Buela, escribán de número e audiencia e meiriño da fortaleza de Vimianzo (estaba ó servizo do conde de Altamira); testou en 1662.

Fillo deste foi Antonio Rodríguez de Pazos, que foi quen mandou construír a casa brasonada do Ceán (Bamiro), onde viviu (a casa vella de Baltasar). Un dos seus fillos foi don Juan de Pazos, párroco de Serramo, onde testou en 1671; neste testamento fálase de que seu pai mandara facer o cruceiro dos Santos, nunha encrucillada entre Cheis e Tines, pero este cruceiro, de claras trazas góticas, é moito máis antigo; o que si puido ser é que o mandase facer algún dos devanceiros que viviron no séc. XV ou no XVI.

Outros membros desta familia espalláronse por diversas parroquias de Soneira e Nemancos (Salto, Vimianzo, Vilastose, Muxía etc.). A incidencia histórica deste grupo familiar na parroquia de Vilar foi practicamente nula, dado que marcharon do lar nativo moi axiña, a principios do séc. XVI. Con todo, moita xente hoxe apelidada Pazos é posible que lle deba o apelido a este lugar vilarense.



Escudo de Antonio Rodríguez de Pazos
(séc. XVII) da casa do Ceán (Bamiro)
[Foto XMLS, 1974]

A parroquia de Vilar nos textos históricos³

Ano 1592.- Servizos que pagaban ó conde de Altamira os veciños de Vilar

A causa da pentenza da parroquia á xurisdición de Vimianzo, os veciños tiñan con este conde as obrigas que se detallan a continuación:

"Servicios que pagan en la feligresia de San Pedro de Villar:

- *Montear y correr los lobos (...).*
- *Los vecinos que no son peones lanceros de esta feligresia, con los de Lamas y Tines, pagan dieciocho reales cada un año de pedido.*
- *Cuando se muriere algun vecino de esta feligresia han de pagar la luctuosa que despues que coxe los herederos desde finito la mejor pieza de cuatro pies, de las mas que quedan la segunda y de alli abajo, escoger el Conde e sus arrendantes en una e llevarla [aquí non é a primeira, coma noutros lugares].*
- *Llevar a Sta. Baya de Tines a la eira que alli tiene el Conde, cubrirlo y majarlo [o pan] (...) y que tienen que darle de comer e beber.*
- *Los que son lanceros ir a los curros de Sta. Cristina y Camelle (...).*
- *Los dichos peones lanceros están obligados el dia de Sant'Adrao a ir acompañar al Conde o a su merino a la fortaleza de Vimianzo con sus lanzas y espadas y de alli el dicho dia no se han de ir ni hacer ausencia hasta que se les de licencia e noles han de prender aquel dia por ninguna causa ecetto si fuera por causas criminales.*
- *Venir a la guarda de los presos en Vimianzo con sus lanzas y espadas, e los que no fueran peones a venir con los presos en las esposas a dicha fortaleza y no han de llevar ninguna cosa por razones de venida excepto queriendose enviar a otra parte fuera de la jurisdición han de ir en su guardia a costa de los presos o de la Camara del Conde.*
- *Si estuviere presa alguna persona por delito criminal grave que requiera pena de muerte o otra semejante deben ir a guardallo y hacer la guardia que le cupiere por su tanda entre los mas que tienen la dicha obligacion.*
- *Guardar la fortaleza [de Vimianzo] en tiempo de guerra y no de otra manera"*



A ponte de pedra (ou Ponte Vella) de Vilar, lugar de paso desde épocas remotas [Foto XMLS]

(fol. 573-585 do documento de 1592 transcrito por Juan López Bermúdez, médico de Toba-Cee).

Ano 1607.- A descrición do visitador Jerónimo del Hoyo

SAN PEDRO DE VILLAR, ANEXO DE SAN ANDRES DE SAS.- Esta felegresía tiene dies y seis feligreses. Los fructos tres partes: la una y un dezmero la cura y las dos, por sincura patrimonial, Diego Alvarez de Sotomayor, cuya es la presentación. Vale la parte de la cura doze cargas⁴ de pan. La fábrica tiene de renta cada un año dos ferrados y medio de trigo.

³ En todos estos documentos antigos respectamos a ortografía do castelán da época.

⁴ Cada carga eran 12 ferrados.

1753.- A información do Catastro de Ensenada

No minucioso catastro que por volta de 1753 encargou o marqués de Ensenada para poñer en orde a Facenda Real atopamos exhaustivos datos relativos a esta parroquia.

En canto á xurisdición dísenos que:

“... que las referidas feligresías (...), de san Pedro del Villar son parte de las que componen la Jurisdiccion de Bimianzo y del señorío del Conde de Altamira quien posee la Regalia de poner en ellas Juez y escribano de numero y son acumulatiuas de la Jurisdicción real de Soneira Cuio Juez conoze en ellas apreucion de todas causas Civiles y Criminales.”

Na actualidade parécennos excesivos os impostos que hai que pagar, pero a situación a mediados do século XVIII non era moito mellor para os nosos antepasados:



Chan refeito e pentorís da Ponte Vella de Vilar [Foto XMLS]

“En la Feligresia de san Pedro del Villar perciue el Derecho de Luctuosa, las penas de Camara y ganado mostrengo y de todas las viudas que no tengan hiegoas un real por el servicio que llaman Gallina de dehesa. (...) El servicio de Luctuosa asciende a diez reales, el de Gallina a tres reales el de penas de Camara a ôcho reales y el de Ganado mostrengo a diez reales”.

“(...) los derechos que se hallaban puestos sobre las tierras de las fr^{as}. (...) Villar (...) y sus términos son: Diezmo, Primicia, Oblata y Foro.”

“(...) en la fr^a. de san Pedro del Villar perciben los diezmos el Cura parrocho la tercia parte de ellos, y de todos los lugares de la fr^a. excepto del llamado Arton que de este percibe las dos tercias partes y la tercia restante de dcho. lugar la perciue el Cura parrocho de san Adrian del Castro; y las dos tercias partes de todos los mas lugares de la fr^a. las percibe Dⁿ Joaquín de Lamas vezino de la Ciudad de Santiago y las Primicias perciben de todos los lugares dcho. Dⁿ Joaquín las dos tercias partes y el cura parrocho una tercia a excepcion de que este en el lugar de Arton perciue las dos tercias partes como de los Diezmos y enteramente la oblata.”

“En la fr^a de Villar ascenderían los diezmos a dos mil y quinientos R^{es} las primicias a quinientos y ochenta reales, la oblata a ciento y veinte reales y el voto a ciento y sesenta reales.”

“(...) pagan a su Magestad por razon de servicio hordinario y extrahordinario lo siguiente: la de san Pedro del Villar veinte y dos reales y medio y por los mas Ramos quatrocientos sectenta y tres reales vellón.”

Os seus lindes serían similares ós actuais:

“La fr^a. de san Pedro del Villar es desde el norte al sur media legua y de L[evante] a P[oniente] de unas cuatro y de circunferencia a dos horas de camino y terminos por el L con la de san Andrés de Zas, P con la de santa Eulalia de Tines N con santa María de Lamas y S con la de san Miguel de Treos. Y su forma cuadrilonga ...”

Os cultivos que se daban non diferían moito dos das parroquias veciñas:

“... por lo regular hai las Especies de sembradura de Maiz, trigo, Centeno, Lino, nauos, Robles, Toxales, montes que se estiuadan y otros incultos por naturaleza.

...que en las referidas diez poblaciones las Especies de frutos que se Cogen regularmente en ellas son Maiz, Trigo, Centeno, Nauos, Lino y algunas berzas o Coles que se Coxen sin que de ellas se haga comercio alguno.”

... y por lo que mira a los montes de las dchas. diez poblaciones unánimes todos los peritos digeron q^e todos son inútiles por naturaleza y por lo mismo no le regulan cantidad alguna a excepción de (...), cuatrocientos y cuarenta (ferrados) en la de san Pedro del Villar.”

A pesar de ser unha parroquia con abundantes cursos de auga, os muíños eran máis ben escasos debido á chanceira das súas terras que impide que haxa desniveis para que a auga colla a suficiente forza para mover os muíños. Aínda así había dous:



Muíño no río de Xora, preto de Sandrexo [Foto EDR]

En la fr^a de san Pedro del Villar haí dos ruedas de molino negras propias del v^{no} llamado muran (?) sitos sobre el rio Quintans con el que muele por canle todo el año, de Dⁿ Antonio de Pazos vezino de la fr^a de san Mamed de Bamiro y consortes cuia utilidad anual regularon en Nobenta y seis reales vellón; otro llamado puente Vilar sobre el rio Vilar con el que muele por canle todo el año propio de Domingo Lopez y consortes cuia utilidad regularon en noventa y seis reales vellón.”



Granxa en Saconde [Foto EDR]

Ó ser unha terra con abundante auga e bastante fértil non é de estrañar que houbera abundantes reses:

“... las Especies de Ganados que hai en dhas poblaciones y sus terminos son como se lleua dho. Bueis, Bacas, ôuejas carneros y cabras, algunas hiegoas, pôtros.”

O vecindario de Vilar a mediados do séc. XVIII

Unha vez máis son os datos subministrados polo Catastro de Ensenada do ano 1753 os que nos permiten ter unha visión da poboación da parroquia de Vilar, os oficios dos seus veciños e os nomes dos cabezas de familia.

Sabemos que vivían na freguesía 54 familias, o que daba un total de 228 habitantes (unha media de 4,2 persoas por cada unidade familiar). 47 destas familias eran labregas (o que supón o 87 % do total; dos outros sete veciños restantes había un tecedor e estanqueiro (Joseph dos Santos), unha tecedora (Susana dos Santos), un xastre (Miguel García) que vivía na casa do estanqueiro, un fidalgo (D. Antonio Cayetano Romero, de 44 anos e un fillo estudante) e 4 pobres (Francisca de Amarelle, Dominga Castiñeira, Xoana do Mouzo, Xoana de Castro, solteiras e viúvas); o párroco vivía na parroquia matriz, Zas. Contabilízanse así mesmo 12 criados e criadas (o fidalgo tiña 3 criados e 2 criadas; os restantes vivían en casas labregas). Especificábase que non había nos dez lugares nin cambistas nin mercadores “por maior”.

Estes son os nomes dalgúns dos labregos vilarenses: Alexandro, Francisco e Domingo Amado, Joaquín Alvarez, Xoana do Anido, Francisco e Joseph de Antelo (co seu xenro Juan Camafreita), Andrés e Pablo Blanco, Andrés de Carracedo, Francisco Carreira, Bartolomé Cereixo, Domingo Cousillas, Antonio de Esmorís, Salvador Fernández, María de la Iglesia, Pedro de Lavandeira, Domingo e Pedro López, Domingo Lorenzo, Pedro Maroñas, Pablo Martínez, Ignacio Monterroso, Alberto Moreira, Domingo Muñoz, Andrés e Pedro Novo, Domingo Núñez (pai e fillo), Francisco Pérez, Dominga Pose (co seu fillo Antonio López), Domingo de Rellán, Andrés e Pablo do Rego, Domingo Rodríguez,



Vista do lugar de Vilar desde o oeste [Foto EDR]

Pedro Rojo (pai e fillo), María Sánchez, Manuela dos Santos, Lucía Santos, Antonio e Manuel Suárez, Francisco Suárez de Caamaño, María Vázquez, Ángela Vidal, Domingo de Vilar (pai e fillo). Os que aparecen co mesmo apelido non quere dicir que, necesariamente, sexan irmáns.

1809.- O paso das tropas francesas por Vilar, durante a invasión napoleónica

Tanto no Libro 2º de Fábrica de Zas e Vilar 1798-1868 coma no do Santísimo 1757 infórmase que nos primeiros meses do ano 1809 tropas francesas pasaron pola parroquia de Vilar –a ponte era un lugar importante de paso do camiño real de Santiago a Vimianzo- e os veciños tiveron que subministrarlles dez ferrados de trigo (LEMA SUÁREZ; 1993-III: 552). Ese mesmo escuadrón, sen dúbida procedente de

Santiago, tamén pasaría por Salto e seguramente foi un dos dous que se dirixiron a Camariñas por este tempo, polo que despois narraría unha testemuña especial, o capitán francés Nicolas Marcel nun libro titulado *Campagnes du Capitaine Marcel du 69^e de ligne en Espagne et en Portugal* (libro que non se publicaría ata 1913 e, recentemente, de novo en 2001). No episodio titulado «Sac de Camarinès» ('Saqueo de Camariñas') cóntase que desde o cuartel xeneral francés de Santiago se enviara un escuadrón de 65 homes ó porto de Camariñas para acelerar a recollida de víveres. O escuadrón foi moi ben recibido na vila, pero pola noite os camariñáns degolaron todos os soldados menos un, que, agochado por unha viúva camariñá, logrou escapar e denunciar en Santiago o masacre. A vinganza foi terrible, pois o xeneral francés Marchand enviou outro batallón ó mando do comandante Duthoya coa orde de incendiar a vila e pasar polas armas a todos os habitantes. E así foi: malia a resistencia heroica dos camariñáns, os franceses perseguiron e mataron cantos homes, mulleres e nenos se lles puxeron por diante. Camariñas debeu quedar totalmente despoboadada durante moitos anos (LEMA SUÁREZ e outros; 2010: 106-107).

Cal dos dous escuadróns procedentes de Santiago foi o que pasou pola ponte de Vilar, o primeiro ou o segundo? Aí queda a incógnita. Como veremos ó tratar a parroquia de Gándara, por estes primeiros meses de 1809 un destacamento francés procedente de Santiago acampara nesta parroquia e esixira a entrega de 37 ferrados de trigo ós seus habitantes para o seu sustento; os veciños aínda tiveron que levar dez ferrados máis ó cuartel xeneral francés de Santiago (LEMA SUÁREZ; 1993-III: 584). Sería o mesmo escuadrón que pasou por Vilar? Non o parece, pois para chegar a Camariñas desde Gándara había un camiño máis recto por Baio.

Ademais do saqueo de Camariñas, o 13 de abril de 1809, un exército napoleónico de máis de mil homes procedente de Santiago, despois de vencer unhas partidas de paisanos mal dirixidos e mal armados en Ponte



Olveira, conquistaron e incendiaron as vilas de Cee e de Corcubión. Finalmente, os franceses retiraríanse de Galicia tras a súa derrota na batalla de Ponte Sampaio (Pontevedra), o 9 de xuño este mesmo ano. O pobo galego foi quen primeiro expulsou do seu territorio os invasores galos, que aínda permanecerían en territorio español ata finais de 1813.

c. 1847.- *Diccionario de Pascual Madoz*

“**VILLAR (SAN PEDRO DE)** felig. En la prov. de la Coruña (9 ¼ leg.), dióc. de Santiago (7 1/4), part. jud. de Corcubión (4 ¾), y ayunt. de Zas (1/4). SIT. Á la izq. del r., que bajando del monte Pedrido á los puentes Tora [sic: é Xora] y Villar, corre al N. á unirse al r. del Puerto; **CLIMA** templado y bastante sano. Comprende los l. de Arton, Quintans, Saconde y Villar y parte de los de Pazos y Sandrejo. Tiene 50 **CASAS** y una igl. parr. (San Pedro) anejo de San Andrés de Zas con cuyo **TÉR.M.** confina por el E.; al N. el r. del Puerto; O. Santa Eulalia de Tines, y S. Lorono (sic.). El **TERRENO** es de mediana

calidad y le cruza el **CAMINO** de Vimianzo a Zas; en este punto recibe el **CORREO** dos veces a la semana . **PROD.:** trigo, maiz, algun centeno, patatas, legumbres y pastos; cría ganado, prefiriendo el vacuno. **IND.:** la agrícola y molinos harineros. **POBL.:**46 vec.,249 alm. **CONTR.** con su ayuntamiento (V).”

c. 1928.- Datos de E. Carré Aldao (Geografía de Galicia, de Carreras Candi)

“**San Pedro de Villar, anexo de Zas.** Tiene al N. el río do Porto, al que van sus aguas que bajan del monte Pedrido y forman el río Xora o Bayo. Está en tierra de Soneira esta parroquia, y a su O. hállase la carretera a Fisterra. Tiene escuela nacional de niños. Sus viviendas montan 111, siendo sus aldeas Artón, Pazos, Quintáns , Saconde, Sandrexo y Vilar, sin otros grupos, con 373 habitantes de hecho y 414 de derecho.”

Un emigrante con raíces en Artón, Presidente do Centro Galego da Habana (Cuba)

Nun dos libros do poeta popular xalleiro-cubano Pepe de Xan Baña (*Suspiros da terra*, La Habana-Cuba, 1922), aparece unha foto dun home duns trinta e algo de anos, con lentes e ben vestido, coa seguinte lenda a rodapé: «Licenciado José López Pérez, hijo de un aldeano de Zas de Carreira, el colaborador más grande que tienen en Cuba las sociedades gallegas.»

Quen era este personaxe, oriúndo do concello de Zas -pero non da capital municipal, senón de Artón (Vilar)-, que debeu gozar da alta estima por parte do citado Xosé Baña Pose? A dedicatoria é ben elocuente, e López Pérez debía de ser unha persoa ben influente na importante colectividade galega en Cuba nos primeiros anos do séc. XX, pois a súa fotografía está no libro ó que facemos referencia nada menos que xunto a outras dúas do poeta Curros Enríquez e doutros importantes personaxes galego-cubanos.


Para responder a esta pregunta solicitamos a colaboración de Xosé M^a Rei Lema (Bamiro 1972), bo coñecedor de persoeiros soneiráns e da Costa da Morte no mundo da emigración americana.

José López Pérez, un soneirán na creación da Real Academia Galega (1906)

Por Xosé M^a Rei Lema⁵

A Real Academia Galega (RAG) creouse na Habana (Cuba) en 1906 por iniciativa duns cantos emigrantes comandados polo ferrolán Xosé Fontenla Leal e mais polo celanovés Manuel Curros Enríquez. As primeiras bases pónense en abril de 1905 cando se constitúe a comisión encargada de fundar a «Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega». Nela figura como vogal un tal López Pérez, que tamén aparece na comisión que elaborou os seus estatutos. Cando se cree a Academia, López Pérez vai ser nomeado académico correspondente, e tamén relator do Regulamento da Sección de Propaganda.

Quen mellor coñeceu a López Pérez foi o xalleiro de Varilongo Xosé Baña Pose, como podemos ver nos seus libros recompilados hai uns anos baixo o título de *As historias de Pepe de Xan Baña*. Del extraemos moitos dos seguintes datos biográficos.



⁵ Agradécémolle a Chema Rei Lema a redacción desta interesante biografía. Para ampliar información sobre este personaxe tan importante e tan descoñecido, véxase “José López Pérez, un soneirán Presidente do Centro Galego da Habana” no blog ‘No herbal azul do ceo’, de X.M^a Rei Lema [<http://noherbalazurdoceo.blogspot.com.es/2015/10/jose-lopez-perez-un-soneiran-presidente.html>].

José López Pérez nacera accidentalmente en Madrid en novembro de 1872, por culpa dun traslado laboral de seu pai. Este dato, que podería ser anecdótico, terá moita importancia no futuro. Seu pai, **José López Núñez**, natural de Artón (Vilar), era sarxento do exército español, motivo polo cal tivo que trasladarse da Coruña a Madrid. Súa nai, Claudia Pérez, era natural de San Martiño de Valongo (no Ribeiro), mais descendía da liñaxe vasca dos Eguía (a súa avoa viña sendo irmá de Nazario Eguía, famoso xeneral carlista que antes fora capitán xeneral de Galicia).

Aos tres meses de nacer López Pérez, seu pai é destinado a Cuba. Ano e medio despois chegan á illa caribeña súa nai e mais el. En pouco tempo vanse producir unha serie de fatalidades ao seu redor. Aos catro días de estancia en Cuba morre súa nai (8-6-1874). Con dous anos e medio, seu pai mándao para a casa da avoa paterna en Artón, pero cando ten seis anos mórrelle a avoa. Seu pai envíao logo coa avoa materna a Avilés (Asturias), pero esta falece en menos dun ano, polo que volve cunha tía para Cuba. Aos seis meses morre esta tía e, por se era pouco, seu pai perde o traballo no Arsenal e ten que traballar de peón de albanel. López Pérez tiña sete anos.

Foi ao colexio municipal e con 17 anos empezou a dar clases en colexios particulares e asiste a clases de segunda ensinanza no instituto. Despois faría a carreira de Dereito, chegando a ser un dos avogados de máis sona da illa.

Na época de estudante comeza a relacionarse cos centros da colectividade galega e a erixirse como unha figura dentro deles. En 1894



O lugar de Artón, desde o sur [Foto EDR]

López Pérez ocupa o cargo de secretario da sección de Instrución do Centro Galego de La Habana (CG), no que estaría ata 1899, cando é nomeado presidente desa sección. Desde 1895 é vogal da xunta directiva, pero en 1903 ascende a secretario do CG e presidente da sección de Fomento.

Logo de catro anos, en 1907 é elixido por unanimidade presidente do CG. Pero esta escolla provocou o ataque furibundo de Curros Enríquez contra os emigrantes galegos. Baña Pose, amigo dos dous, explica a postura do vate: “el día que eliximos al señor López Pérez para Presidente se dio de baja, sólo porque López Pérez había nacido accidentalmente en Madrid, como si uno naciera donde le da la gana” (p.87). A polémica tivo o seu punto álxido cando o celanovés leu nun acto do propio CG o seu poema “A espiña”, no que afirmaba: “¡Non terei por presidente / a quen non nacer gallego!”.

Non obstante, López Pérez nunca lle gardou rancor a Curros e logo da morte do poeta (7·3·1908), acompaña o seu cadaleito ata A Coruña, a onde chegan o 1 de abril. Acompañouno seu pai, correndo el cos gastos. Tras varios días na Coruña, con multitude de actos de homenaxe a Curros e tamén a López Pérez, decide, na compañía do pai, visitar Artón, onde “se prepara un entusiasta recibimiento”, segundo lemos nas páxinas de *La Voz de Galicia* do 8 de abril.



Casa e cabazo en Artón (Vilar) [Foto XMLS]

Pero se por algo destacou no CG foi polas xestións para a compra do edificio do Gran Teatro Nacional (ou Gran Teatro Tacón) para sede social. A primeira pedra colocouse ao pouco de acceder ao cargo de presidente, exercendo a súa muller, Ramona García, de madriña do acto. José López Pérez obtivo as distincións de Socio de Honor, Socio de Mérito e Presidente de Honor do Centro Galego.

Festas principais de Vilar

As festas patronais son o 29 e o 30 de xuño (festéxase a san Pedro e a san Roque, respectivamente); hai novena, misa grande e procesión; hai tempo que non hai verbena.

Outras festas: santa Rita (luns de Pascua), con misa, procesión e xantar na casa; santo Antonio (13 de xuño); o Sacramento (domingo antes de san Pedro), cunha procesión que vai ó campo da festa; a Virxe do Rosario (segundo domingo de outubro), de pouca importancia.

Inventario dos bens do patrimonio de Vilar (segundo o *PXOM*)

Arquitectura	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial.	9.- Mámoa do Picoto (Saconde).
2.- Cruceiro de Pazos.	10.- Mámoa das Minas de Gomarís.
3.- Cruceiro do Igrexario	11.- Mámoa dos Pedrouzos.
4.- Cruceiro das Gamelas (Vilar).	12.- Mámoa do Monte do Penedo.
5.- Cruceiro do Monte.	13.- Túmulo 2 do Monte do Penedo.
6.- Casa, alpendres e hórreo (Saconde).	
7.- Muíño en Vilar.	
8.- Hórreo do Roxo (Artón).	

Bibliografía básica

- BAÑA POSE, J. (1922): *Suspiros na terriña despois de trinta e dous anos na Habana*; Imprenta La Universal, La Habana, Cuba.
- CRESPO POZO, J.S. (1957-1965): *Blasones y linajes del Reino de Galicia*; Blibliófilos Gallegos, Santiago.
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): "Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas", en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- <https://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=LORO%C3%91O> (última consulta 7-5-2017).
- LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte; Vimianzo.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1993).- *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2001).- *Os mellores pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, C. (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*; Deputación da Coruña, A Coruña.
- REI LEMA, X.M^a (2005): *As historias de Pepe de Xan Baña*. A obra de Xosé Baña Pose; tresCtres Editores, Santa Comba.
- REI LEMA, X.M^a (2017): "José López Pérez, un soneirán Presidente do Centro Galego da Habana" no blog *No herbal azul do ceo* [<http://noherbalazurdoceo.blogspot.com.es/2015/10/jose-lopez-perez-un-soneiran-presidente.html>]
- SORALUCE BLOND, J. R. E X. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (directores) [1998]: *Arquitecturas da provincia da*

Coruña. Vol. X. Comarca de Terra de Soneira e Xallas: [concellos de] Camariñas, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas; Departamento de Composición da Universidade da Coruña / Deputación da Coruña.

Outras obras de carácter xeral:

- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.
- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.
- MADDOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.